



**XUNTA DE GALICIA**

*Conselleira de Medio Ambiente  
e Ordenación do Territorio*

Beatriz Mato Otero

Estimado asociado/a:

Desde o pasado mes de xaneiro, dadas as escasas choivas rexistradas en Galicia desde o pasado inverno, a Xunta ten activado o protocolo de prealerta por seca por posibilidade de seca hidrolóxica.

Durante a época estival a posibilidade de recarga de ríos e encoros redúcese e pola contra o consumo de auga aumenta, razón pola que é máis necesario que nunca facer un uso responsable dun ben tan prezado como é a auga.

Neste contexto, desde a Consellería de Medio Ambiente tense posto en marcha unha campaña de concienciación baixo o lema "Usa a auga con cabeza". A partir das imaxes e mensaxes claves da campaña preparamos dous tipos de materiais para que poidan ser utilizados nos locais de hostalería, dado que son miles as persoas que cada verán pasan por eles. Consideramos que deste xeito, podemos facer unha chamada a un consumo responsable da auga por parte de todos.

Contamos coa túa colaboración para conquistar este obxectivo, polo que desde aquí solicitámosche que poñas estes carteis e pegatinas nalgún lugar visible do teu/teus locais, co fin de que todos coidemos desta riqueza natural que é a auga.

Agradecendo de antemán a túa disposición.